




Concello de  
Camariñas

*Axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica, a través do Ticket Eléctrico Social de Galicia para o 2º semestre de 2016 e o 1º semestre do 2017, para as unidades de convivencia con menores ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e cuxos ingresos non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano).*



A *Consellería de Economía, Emprego e Industria* convoca axudas económicas para o pagamento de parte da factura da luz a través do *ticket eléctrico social de Galicia* para o segundo semestre de 2016 e primeiro semestre do 2017, para ás unidades de convivencia con menores a cargo ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e, cuxos ingresos totais non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano).

**Finalidade:** Conceder un **ticket eléctrico social** ás unidades de convivencia con menores de 18 anos ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e, cuxa **suma dos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano)**.

**Requisitos e contía da axuda:**

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter fillos menores a cargo ou ter un membro con discapacidade ou invalidez
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.
- Só se poderá presentar unha única solicitude por unidade de convivencia.
- Establécese unha **Contía de 180 €/ano** e, ata **300 €/ano** se é familia numerosa.

**Documentación:**

- Os orixinais dos DNIs da unidade de convivencia, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- O orixinal do libro de familia, de ter menores a cargo.
- O **volante** de empadramento colectivo (este é gratuíto e se pide no Concello)
- As declaracións da renda do ano 2015 de todos os convivintes ou certificados de imputación de rendas do dito ano, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Os orixinais das facturas dos correspondentes semestres e xustificantes bancarios do pagamento destas (**facturas cuxo período de lectura estea entre o 01/07/2016 e o 30/06/2017**); as ditas facturas deberán estar a nome do solicitante.
- O orixinal do título de familia numerosa, de ser o caso e só se non autoriza a súa consulta.
- Os orixinais dos certificados de discapacidade ou do recoñecemento de invalidez en calquera grao.

**Prazo e Lugar de solicitude:** Ata o día **15 de xullo de 2017** ou, antes de finalizar o dito prazo, ao esgotarse o crédito establecido na convocatoria; a solicitude achegarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código do procedemento IN414A) desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou, <http://ticketelectrico.xunta.gal>; será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia; ou, se non dispón destes documentos, nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas; deberá pedir cita previa chamando ao telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 17 de xaneiro de 2017  
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade  
Sandra Insua Rial